

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

HOMENAXE A NEIRA VILAS

Balbino xa ten oitenta anos

No Teatro Principal de Compostela estreárase o documental 'X.N.V. Memorias dun emigrante', realizado por Pablo Iglesias. **Video no interior.**

Redacción - 13:15 18/03/2009

[Xosé Neira Vilas](#) naceu en Gres o 3 de novembro de 1928. Fixo pois oitenta anos hai xa uns meses, pero será este mércores, aproveitando a estrea do documental *X.N.V. Memorias dun emigrante* realizado por Pablo Iglesias, cando reciba a súa merecida homenaxe. A conselleira de Cultura en funcións, Ánxela Bugallo, así como o alcalde de Santiago de Compostela, Xosé Sánchez Bugallo, e mais Isaac Díaz Pardo teñen previsto participar no acto no que se lle entregará unha placa honorífica ao escritor de Gres.

Con 21 anos emigrou á Arxentina, onde entrou en contacto coa intelectualidade galega do momento, encabezada por Lorenzo Varela e Luís Seoane, e fundou a editorial Follas Novas xunto coa súa dona Anisia Miranda. En 1961 emigraron á Cuba revolucionaria, de onde regresaron a Galiza, a Gres, en 1994. *Memorias dun neno labrego*, protagonizado por Balbino, é posibelmente o libro máis lido da literatura galega.

["En Bos Aires acabamos na comisaría por cantar en galego nun bus"](#) (Entrevista de Neira Vilas con Vieiros)